



Kaloian. Arq. aCentral Folque

Algúns artistas de Descarga ao Vivo ensaiando na Habana (2008). De pé (de esquerda a dereita): Ramon Pinheiro (dirección artística), José Manuel Díaz (contrabaixo), Abdiel Vargas (baile), Jon Scullard (produtor), Oscar Fernández (zanfona), Alejandro Vargas (piano e dirección musical), Ernesto Vega (clarinete). Sentados (de esquerda a dereita): Xavier Díaz (voz e baile), Raciél Jiménez (batería), Marcos Teira (guitarra e dirección musical), Diana Gutierrez (violín e voz), Pedro Pascual (acordeón diatónico, bouzouki e dirección musical) e Quim Farinha (violín).

## Descarga ao Vivo. Unha experiencia auditiva e colectiva

ANA MARÍA ALARCÓN JIMÉNEZ PREGOS DE CORDEL, D'ACENTRAL FOLQUE

Contido da miña fonoteca persoal —ou para usar un termo máis actual e que reflicte mellor o seu crecente número de elementos dixitais— da miña "lista de reprodución" musical, foi cambiando co paso do tempo. Aínda que está conformada por algunhas novidades discográficas, tamén hai álbums que a pesar dos anos continúan a ser eixos centrais do seu presente. Un destes traballos é *Descarga ao Vivo*, unha gravación en directo capaz de transportar á pel dos ouvintes a intensidade dun evento pasado utilizando múltiples pezas dunha mesma xira. Gravadas entre febreiro e agosto de 2009 en concertos interpretados por músicos cubanos e galegos en diferentes salas de Cuba (A Habana) e Galiza (Vigo, Santiago e A Coruña), as pistas deste proxecto achegan, desde o musical, á longa historia de intercambios interculturais e eco-sociais entre estes dous lugares.

A construción deste traballo como un punto de encontro entre Cuba e Galiza está presente a nivel macro, como acabamos de ver, mais tamén no micro. Tomemos como exemplo a pista número once, "Danzón", do compositor ourensán Xosé F. Vide (1893-1981), nun arranxo dos músicos Oscar Fernández (Galiza) e Alejandro Vargas (Cuba) para zanfona, gaita, piano, contrabaixo, batería e percusión cubana. Poderíase dicir que en termos formais este arranxo ten tres partes: na primeira escoitase un solo lírico e virtuoso da zanfona, interpretada por Oscar Fernández nun instrumento estreado nesta xira; as outras dúas partes propoñen unha hibridación do xa híbrido danzón, baile nacional de Cuba. Mentres que a segunda parte está subdividida en "tres" seccións (ABA), a terceira estao en dúas (CD). Esta estrutura resultante (ABA-CD) é pois unha variación da forma rondó (ABA-CA) cun "son" ao final (D) característica

do danzón clásico moderno de Cuba. Do mesmo xeito, neste arranxo de Fernández e Vargas a composición de Vide dialoga cun tema do músico cubano de ascendencia galega Miguel Failde (un dos pioneiros do danzón), entretecido polos arranxistas nas seccións do feche (CD). Finalmente é importante recalcar que, aínda que hai outras variacións do danzón cubano nesta versión do "Danzón" (incluíndo a instrumentación), tamén hai elementos que permanecen, tales como o uso rítmico do quintillo cubano ao longo das partes dúas e tres desta peza (ABA-CD).

Ademais da bi-localidade da música, as historias de vida do compositor e os arranxistas do "Danzón" están conectadas con ambos lados do Atlántico: Vide traballou como músico na illa latinoamericana durante oito anos, o avó de Fernández tamén viviu en Cuba, e Vargas reside a día de hoxe na Galiza. No medio deste contexto

de ida e volta resulta interesante pensar, desde un punto de vista máis metafórico, na resonancia dese solo inicial de zanfona do "Danzón", coa experiencia do migrante ao desprazarse a un novo sitio para comezar de cero. E é que quizais sexa este exhaustivo traballo de filigrana o que mantén a *Descarga ao Vivo* na miña lista discográfica presente. Cada vez que o escoito e canto, bailo e reflexiono con el, sinto que podó habitar ese espazo intermedio de traxectos entrelazados que conforman a miña identidade como cidadá colombiana, española e residente durante unha década nos Estados Unidos. Con *Descarga ao Vivo*, a incerteza dese lugar "entre" (tan real para los que nacemos nun lugar e vivimos noutro) non só se fai palpable como experiencia auditiva senón tamén como vivencia colectiva, grazas á compañía do público gravado e "multi-situado" deste traballo discográfico ao vivo.